



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

## **ANUNCIO**

Por Resolución desta Alcaldía núm. 605/2021 de 1 e xuño, aprobáronse as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal a xornada completa para o servizo de limpeza de praias, 2021 financiado pola Deputación da Coruña dentro do programa MA100/2021, e a elaboración dunha bolsa de traballo en réxime de contratación laboral temporal, e que se transcriben a continuación:

### **CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA PARA O SERVIZO DE LIMPEZA DE PRAIAS 2021, FINANCIADO POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DENTRO DO PROGRAMA MA100/2021 E A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO EN RÉXIME DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL**

#### **1 Obxecto da convocatoria**

1.1 Ten por obxecto esta convocatoria a selección para a contratación de persoal laboral temporal a xornada completa para o servizo de limpeza de praias, anualidade 2021, mediante calquera das modalidades de contratación previstas no Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores. A xornada será de luns a domingo cos descansos que establece a lei. As datas de inicio e de finalización dos contratos serán os establecidos na resolución da contratación.

1.2 Igualmente constituirá o obxecto desta convocatoria a creación dunha bolsa de traballo para a contratación laboral temporal de duración determinada mediante calquera dos contratos legalmente establecidos no Estatuto dos Traballadores para substitución por incapacidade temporal, renuncias, vacacións do persoal, ou se é o caso, novas contratacións por causas sobrevidas dos postos de traballo indicados no punto 1.1 desta base,

#### **2 Características do posto**

Área de subscripción: Obras

Denominación do posto: Peón de limpeza de praias

Modalidade contractual: Contrato de obra ou servizo a tempo completo

Prazas: 5



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Duración: 3 meses e 6 días

Grupo: V

Soldo: 1.118,31 € mes por todos os conceptos

Titulación: Polas funcións a realizar, non se precisa estar en posesión de ningunha titulación.

Cometido funcional: As funcións a desenvolver consisten nas tarefas de limpeza de praias e limpeza medioambiental. Así mesmo, realizarán aquelas outras tarefas que lle poidan ser encomendadas polos órganos municipais e polo seu superior xerárquico para a satisfacción das necesidades propias do servizo.

### **3 Sistema de selección**

O sistema de selección será de concurso-oposición, que se valorará de acordo co baremo establecido no punto 8 destas bases.

### **4 Requisitos das persoas aspirantes**

Para poder formar parte desta convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir, antes do remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG), permita o acceso ao emprego público.

b) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas (CCAA), nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa tivera sido separada ou inhabilitada.

No caso de persoal laboral, non ter sido separada mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA, nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitada ou en situación equivalente, nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

- c) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Estar en posesión das capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- e) Estar en posesión do CELGA 1, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

A acreditación da competencia en lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao sistema de certificación de lingua galega (CELGA), actualmente vixente, ou ás súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do emprego público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten documentalmente a competencia da en lingua galega (CELGA 1 ou equivalente), ou que non estean en condición de acreditala documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de competencia en lingua galega, de conformidade ao previsto no punto 8 destas bases, e que cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral temporal, no seu caso.

##### **5 Forma e prazo de presentación de instancias**

As solicitudes/instancias para formar parte do proceso selectivo (Anexo II) presentaranse preferentemente pola sede electrónica do Concello de Muros ([sede.muros.gal](http://sede.muros.gal)). O prazo para a presentación de instancias rematará aos 10 días naturais dende a publicación destas bases no BOP.

Igualmente, estas solicitudes tamén poderán presentarse no rexistro xeral do Concello, en horario de atención ao público (de 9.00 a 14.00 h), ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de presentar a solicitude nunha oficina de correos, os aspirantes deberán comunicalo, enviando copia da instancia ao seguinte Fax: 981 762 257, ou enderezo electrónico: [notifica@muros.gal](mailto:notifica@muros.gal), durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. En caso contrario, quedarán excluídas do proceso selectivo.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

As persoas aspirantes poderán obter copia do Anexo II (modelo de solicitude) no Rexistro xeral do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros (sede.muros.gal).

Xunto coa solicitude/instancia (Anexo II asinado), as persoas aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI
- b) Se é o caso, certificado de galego segundo o previsto no punto 4 e).
- c) Declaración responsable de que cumpre as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para a realización da proba práctica prevista nestas bases (Anexo II).
- d) Declaración xurada de aceptar as bases e de cumprir os requisitos esixidos no apartado 4 (Anexo II).
- e) Declaración responsable de que toda a documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal comprometéndose a presentar os orixinais no caso de que sexan requiridos (Anexo II).
- f) Autorización ao Concello de Muros do uso dos datos e da documentación presentada para os fins precisos en relación a este procedemento, así como a cesión da mesma aos organismos públicos que correspondan a efectos de xustificar a subvención que financia esta contratación (Anexo II).
- g) Carné de conducir, se é o caso.

As persoas con necesidades especiais deberán facelo constar nas súas instancias, sinalando se precisan adaptación das probas. A condición de persoa con discapacidade acreditarase coa certificación correspondente expedida polo órgano competente.

## **6 Admisión das persoas aspirantes**

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Nesta resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica (sede.muros.gal), indícarase as iniciais e o DNI codificado das persoas admitidas e excluídas, coas causas da exclusión, concedendo un prazo de dous días naturais para a corrección da documentación necesaria para participar no proceso. Nesta mesma resolución publicarase a composición nominativa do tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citarán para a súa primeira sesión (constitutiva) así como a data da realización primeiro exercicio da fase de oposición.



## **CONCELLO DE MUROS** (A Coruña)

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros.

No caso de que non existan persoas excluídas, publicarase unicamente a lista definitiva de admitidos/as

### **7 Tribunal cualificador**

O Tribunal, cuxa composición se adecuará aos criterios de imparcialidade e profesionalidade e paridade entre homes e mulleres, así como aos restantes requisitos previstos, ao efecto, pola normativa de aplicación (artigos 60 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 59 da Lei do emprego público de Galicia), estará conformado por unha Presidencia, unha Secretaría e tres Vogalías con titulación igual ou superior ao requirido para o postos de traballo que se pretende cubrir.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar, sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a.

De todas as reunións que celebre o tribunal, a secretaría do tribunal redactará a correspondente acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicarano á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas, ao efecto, na normativa reguladora de réxime xurídico das administracións públicas. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran estas circunstancias.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nelas (obtendo, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte das asesorías que, ao efecto, poidan ter sido requiridas).

O tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno (previo acordo formal adoptado ao respecto), e aos efectos da asistencia/colaboración na súa actuación e/ou traballos propios, de asesorías; que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas/profesionais en base ás cales foran requiridas.

Os membros concorrentes ás sesións do tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, clasificaranse consonte o disposto no Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo (e normativa concordante e/ou substitutiva).



## **CONCELLO DE MUROS** (A Coruña)

En todo o non previsto nestas bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados.

Os membros do tribunal deberán tomar as medidas necesarias para evitar o contaxio do COVID-19, para o cal, o Concello deberá proveelos dos EPIS necesarios, que serán de utilización obrigatoria. Así mesmo, deberán de manter unha distancia mínima de seguridade de 2 metros entre eles. Estas medidas tamén se deberán aplicar ás persoas aspirantes durante a realización do proceso selectivo.

### **8 Procedemento selectivo**

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído/a, previa audiencia da persoa interesada, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

Os exercicios da fase oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio.

As persoas aspirantes terán un prazo de dous días dende a publicación dos acordos do tribunal para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal e máscaras.

O tribunal publicará todos os acordos no taboleiro de edictos do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal. O tribunal publicará todos os acordos no taboleiro de edictos do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://muros.sedelectronica.gal>). O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo as persoas aspirantes acadar ata un máximo de 17 puntos, que se desenvolverá como se detalla a continuación:

#### **A. Fase de oposición, ata un máximo de 15 puntos**

##### **a) Primeiro exercicio, ata un máximo de 15 puntos**

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario tipo test de 30 preguntas relacionadas co programa anexo ás bases nun tempo máximo de 30 minutos. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio debendo obter un mínimo de 7,5 puntos para superalo. As preguntas



## **CONCELLO DE MUROS** (A Coruña)

contestadas correctamente puntuarán 0,5 puntos, mentres que as erradas restarán a puntuación en 0,10 puntos. As preguntas non contestadas non restan puntos.

### **c) Segundo exercicio, apto/non apto**

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido (CELGA 1 ou equivalente) terán que realizar unha proba obrigatoria de competencia en lingua galega, antes do inicio da fase de oposición. O Servizo de Normalización Lingüística municipal asesorará ao tribunal e colaborará na confección e corrección da correspondente proba.

A proba determinará o tribunal inmediatamente antes da súa realización, será acorde coas características funcionais do posto e deberá demostrarse nela unha competencia similar á esixida para o CELGA 1.

Esta proba será cualificada como apta ou non apta e quedarán eliminados do proceso selectivo aquelas persoas que non acaden a cualificación de apta, dado que non cumprirían o requisito esixido no punto 4 e) destas bases.

Unicamente se publicarán as cualificacións das persoas que superaron cada proba, que se fará mediante anuncio no taboleiro de Muros, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, dispoñendo dun prazo de dous días hábiles dende a súa publicación para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

### **B. Fase de concurso de méritos, ata un máximo de 2 puntos**

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso. Serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

- Por ser membro da agrupación de Protección Civil e participar en polo menos cinco operativos no ano 2020: 1 punto. Acreditarase mediante informe da xefatura de Protección Civil.
- Estar en posesión do carné de conducir tipo B: 1 punto. Acreditarase mediante copia do carné de conducir.

Para a realización desta proba, tomaranse as medidas de seguridade precisas en relación ao COVID-19, debendo a persoa aspirante presentarse co seu propio bolígrafo e máscara, e debendo haber unha distancia mínima de 2 m en todo momento entre as persoas aspirantes.

### **9 Resolución e creación da bolsa de traballo**

A puntuación final obterase sumando as puntuacións acadadas en cada fase do proceso selectivo. No caso de empate na puntuación final, establécese, con carácter supletorio, e como criterio de prioridade a maior idade do/a aspirante.



## **CONCELLO DE MUROS** (A Coruña)

O tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada unha das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://muros.sedelectronica.gal>). A Alcaldía do Concello proporá ás cinco persoas seleccionadas e ás persoas que formarán parte da bolsa de traballo por orde decrecente e establecerá un prazo de dous días naturais dende a publicación da lista para a presentación de reclamacións. No caso de existiren reclamacións, reunirse novamente o tribunal para resolvelas.

A proposta do tribunal, aprobada por Decreto da Alcaldía, notificarase telefonicamente ás persoas interesadas para que subscriban o contrato laboral, deixando constancia do resultado do chamamento a persoa que o realiza. Se a persoa candidata rexeita a contratación pasará ao último posto da lista. O chamamento farase sempre empezado pola primeira persoa dispoñible da lista.

As persoas integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de pre relación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se o nomeamento para as persoas que son chamadas finaliza, volverán ao posto que tiñan na lista.

Unha vez aceptada por parte das persoas candidatas seleccionadas o posto de traballo, as novas substitucións deberán fundamentarse nos supostos de renuncia, licenzas ou baixas por IT, o que condicionará a modalidade de contratación.

### **10 Incidencias**

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, e para tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso; e, todo isto, con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

### **11 Normativa aplicable**

O proceso selectivo rexerese polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.

### **12 Financiamento**

O proxecto financiarase con recursos procedentes da Deputación Provincial da Coruña, imputándose os custos laborais en contía conxunta non superior a 24.919,44 €, con cargo ás aplicacións do Orzamento municipal de 2015 - prorrogado 20/170,131.00. 20/170.160.00. As retribucións dos postos de traballo quedan fixadas en 1.118,31 € brutos mensuais, por todos os conceptos, máis a indemnización polo remate de contrato.





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**13 Datos de carácter persoal**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Muros coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos basease no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Muros ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Todo o cal infórmase en cumprimento do disposto no art. 11 e ss. da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

**14 Recursos**

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña. Os prazos contaranse desde o día seguinte á publicación da resolución.

Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao contencioso-administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, entenderase desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

Todo isto sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.

**ANEXO I. TEMARIO**

Tema 1. Toponimia de Muros. Praias e lugares.

Tema 2. Prevención de riscos laborais na limpeza de praias e limpeza medioambiental. EPIS.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Tema 3. Ferramentas de limpeza medioambiental e de praias. Tipos, usos e mantemento destas.

Tema 4. Os residuos sólidos urbanos. A recollida selectiva dos residuos.

Documento asinado dixitalmente

A alcaldesa

María Inés Monteagudo Romero